

PLAN

DE

ACOLLIDA

CURSO 2021/2022

ÍNDICE

- 1. Xustificación**
- 2. Novas normas de organización do centro**
 - setembro
 - Recreos
 - Atención secretaría/dirección/administración
 - Tutorías
 - Orientación
 - Servizos complementarios
- 3. Instrucións xerais**
- 4. Actuación de prevención, hixiene e protección**
- 5. Acción formativas para mellorar a competencia dixital do alumnado, para o desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou non presencial, se é preciso**
- 6. Atención aos aspectos emocionais, mediante a realización de actividades de acollida**

1.-Xustificación

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida” para o reinicio da actividade lectiva presencial o vindeiro 9 de setembro.

2.-Novas normas de organización do centro

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula, e para o alumnado de infantil será preciso que usen máscara nas entradas, saídas e cando sexa posible, nos espazos común.

Organización das entradas e saídas

Dado que todo o alumnado do centro, tanto de Infantil e Primaria como de ESO é usuario de transporte escolar, a entrada será por orden de chegada no transporte, mantendo a distancia de seguridade e coa protección da máscara en todo momento

Por orden de chegada de cada autobús o alumnado irá accedendo ao centro, mantendo a distancia de seguridade, entrará á súa aula, limpará as mans e ocupará o seu pupitre.

O alumnado de infantil e primaria accederá ao centro pola porta principal do edificio de Infantil e Primaria

O alumnado de ESO accederá ao centro pola porta principal do edificio de ESO

No caso de chuvia, o alumnado de ESO esperará no pavillón, mantendo a distancia de seguridade e con máscara, accederá ao centro pola pasarela cuberta e a entrada de Infantil e Primaria unha vez que teña entrado todo o alumnado de infantil e primaria

O horario de entrada será entre as 9:20 e 9:30, coincidente coa chegada dos autobuses

O alumnado que por calquer motivo non faga uso do transporte e veña acompañado deberá esperar no porche da entrada

Só se permitirá o acceso de familias de alumnado de 4º de infantil mentres non fagan uso do transporte escolar, que esperaran no porche cuberto da entrada mantendo a distancia de seguridade e con máscara.

O profesorado debe estar no centro para recibir ao alumnado nas aulas e vixiar a entrada correcta no centro. Estableceranse quendas para a correcta vixiancia da entrada e das aulas nese periodo de entrada no centro

Porta principal do edificio de Infantil e Primaria- por ela entrarán o alumnado de infantil e primaria por orden de chegada no autobús, entrarán á súa aula: ás aulas da planta baixa sempre pola parte dereita do corredor, e ás aulas da planta alta subindo as escaleiras pola parte dereita das mesmas, en ringleira e mantendo a distancia de seguridade e uso de máscara

Pola porta principal do edificio de ESO, entrará o alumnado de ESO, tamén en orden de chegada dos autobuses, accederán ás aulas subindo pola parte dereita da escaleira, mantendo a distancia de seguridade e uso de máscara. Nos días de chuvia, o alumnado de ESO esperará no pavillón, mantendo a distancia de seguridade, a que entren todo o alumnado de infantil e primaria, e logo accederá ao centro pola entrada de primaria, accedendo pola parte dereita do corredor ao edificio de secundaria, a fin de evitar mollarse.

As saídas faranse de maneira ordenada, comezando polo alumnado de infantil e a continuación por orden os cursos de primaria. Colocaranse no patio por grupos estables de convivencia, en filas separadas, e accederán aos autobuses por ese orden.

O alumnado de ESO, colocarse no patio, cada curso nunha fila, respectando a distancia interpersonal, e accederán aos autobuses por orden.

MES DE SETEMBRO.

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha agenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis. Neste curso, o alumnado de Educación Primaria deixará os libros e libretas que non precisen no seu pupitre, todo o material deberá ter o nome. Ademais, todos os días, deberán traer unha máscara de repostos e onde gardala

Nos primeiros días de setembro colgase na páxina web do centro información básica relativa ao inicio do curso. Así mesmo prográmanse reunións por curso de infantil e primaria coas familias a fin de transmitir-lles a información relativa á marcha do curso. Estas reunións levaranse a cabo no pavillón exterior colocando cadeiras con distancia de dous metros entre elas e co uso obrigatorio de máscara. Entre cada sesión deixarase o tempo necesario para a desinfección e limpeza das cadeiras.

A titora de 4º de Educación Infantil recibirá individualmente a cada familia, coas medidas de protección obrigatorias, a fin de facer a avaliación inicial do alumnado e informarlles da marcha do curso e do período de adaptación previsto.

Ademais, toda a información farase chegar ás familias a través dos medios dispoñibles: pax web do centro, tokap, abalar móbil....

RECREOS

- Infantil e Primaria de 11:10 a 11:40
- ESO: de 12:00 a 12:30

No recreo de infantil e primaria o alumnado sairá ao patio e pavillón, respectando orden e distancia de seguridade. Será obrigatorio o uso de máscara e estableceranse diferentes zonas no patio e no pavillón exterior para cada grupo nos días sen chuvia, estes espazos estarán marcados con cinta de sinalización, e poderase rotar por eles cada día. O alumnado de cada curso irá saíndo de maneira ordenada comezando pola planta baixa os grupos de infantil, e continuando polos grupos de primaria en orden ascendente, esperando un grupo a que o anterior xa teña saído. A entrada será pola mesma orde, grupo a grupo, respectando sempre a distancia de seguridade e o uso da máscara nos cursos que é obrigatoria.

Nos días de chuvia o alumnado permanecerá na aula, e ao igual ca na clase, usando máscara permitirase a interacción entre eles no xogo. Procurarase unha maior ventilación da aula, permanecendo as fiestras abertas en parte durante todo o recreo

O alumnado de ESO sairá respectando a distancia de seguridade, esperando cada grupo que o anterior teña saído, para evitar todo tipo de aglomeracións. Ocupará cada grupo un lugar no patio ou no pavillón, respectando sempre as distancias estipuladas no protocolo

En canto ás gardas de recreo, todo o profesorado de infantil e primaria está de garda para atender aos grupos estables de convivencia. Cada grupo de infantil un profesor-a e cada dous grupos de primaria en espazos contiguos outro profesor-a. Outro profesor-a estará no corredor atendendo as entradas aos aseos. O profesorado fai todos os días turnos de 15 min de recreo.

O patio e pavillón está dividido en 8 zonas, unha por cada grupo estable de convivencia. Os grupos rotan polas distintas zonas ao longo da semana. Esta rotación lévase a cabo tamén no recreo do comedor.

No plano e táboas seguintes especificanse as zonas, os grupos por zona e día da semana e o profesorado de garda

DIVISIÓN DO PATIO EXTERIOR E PAVILLÓN EN SETE ZONAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA DE INFANTIL E PRIMARIA



No recreo cada profesor-a de garda ocuparáse dunha cor, é dicir vixilancia de dous grupos estables, agás os grupos de infantil que será un profesor por grupo. Outro profesor estará na entrada para controlar o acceso aos aseos. Os distintos grupos rotarán polos espazos.

ROTACIÓN SEMANAL NO PATIO

	ZONA 1	ZONA 8	ZONA 2	ZONA 3	ZONA 4	ZONA 5	ZONA 6	ZONA 7
LUNS	INF 3	INF 4	INF 5	1º e 2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
MARTES	1ºe2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	INF 3	INF 4	INF 5
MÉRCORES	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	1º e2º EP	INF 5	INF 3	INF 4
XOVES	4º EP	5º EP	6º EP	INF 5	INF 3	INF 4	1º e2º EP	3º EP
VENRES	5º EP	6º EP	INF 3	INF 4	4º EP	3º EP	INF 5	1º e 2º EP

Todo o profesorado de Infantil e Primaria fará as gardas todos os días, repartindo a media hora do recreo en dous periodos de 15 min, en turnos de 5 profesores-as cada periodo fóra no patio e outro no interior. O profesorado de infantil ocuparase do seu grupo, e serán relevados por Mónica en infantil 1 e Fran en Infantil 2. Os demais ocuparanse cada un dunha cor do patio, atendendo a dous grupos

O luns e mércores o profesor-a que lle toque no pasillo estará todo o tempo, xa que temos un profesor menos

GARDAS DE PATIO- PERÍODOS DE 15 MIN.

ROTACIÓN SEMANAL NO PATIO MESTRES EP,EI

	ZONA 1/ZONA 8	ZONA 2/ZONA 3	ZONA 4/ZONA 5	ZONA 6/ZONA 7	DENTRO
LUNS	ESTEFANÍA/MARCILLA	CHARO/MA JESÚS DIEGO	M J Q/PROF 4º	MARÍA/M J BL	MÓNICA
MARTES	EVA/Mª J Q DIEGO	PROFE 4º/MARCIL	Mº BL/ESTEFAN	JESÚS/CHARO	ANTONIO
MÉRCORES	Mª J Q/PROFE 4º	MARÍA/Mº J BL	MºJES/MARCILL	EVA/JESÚS	MÓNICA
XOVES	PROF 4º/MARÍA	MARCILLA/CHARO	ESTEFAN/JESÚS	Mº JESÚS/EVA	ANTONIO/Mª J Q
VENRES	Mª J BL/MARÍA	ESTEFAN/JESÚS	EVA/Mº J Q.	CHARO/Mª JES/DIEGO	ANTONIO

Todos os Mestres/as de EI e EP terían un día sen garda de patio á semana, agás o profesor de relixión que libraría 15 min o xoves compartindo con Mª J.Q.

O profesor/a de música apoiaría nas zonas onde estea o grupo mixto de 1º e 2º xunto co grupo que toque.

As gardas dos mestres/as que falten faríanas os profesores/as que vixían dentro, ocupando ese día o seu posto o profesor/a de música que non apoiaría ao grupo de 1º e 2º

O alumnado de ESO estará atendido por tres profesores-as de garda. Cada grupo de ESO estará nunha zona do patio, ou se chove do pavillón, que se repartirá en catro zonas.

ATENCIÓN SECRETARÍA- DIRECCIÓN-ADMINISTRACIÓN

Preferentemente e na medida do posible será a través de medios telemáticos, a través do teléfono, correo electrónico. En caso de atención presencial será con cita previa e sempre en horas nas que o alumnado estea nas aulas.

Teléfono de atención 881880752

Correo electrónico- cpi.xanceda@edu.xunta.gal

A atención a provedores de comedor seguirá o mesmo protocolo.

TITORÍAS

As titorías levaranse a cabo en infantil e primaria en horario especificado por cada profesor, con cita previa mediante chamada telefónica ou a través da axenda do alumno. Cada profesor-a poderá concertar co pai-nai-titor legal do alumnado outra hora, se a que está marcada non se adapta ás necesidades das familias

Serán preferentemente por vía telemática

En caso de que teña que ser de xeito presencial, adoptaranse as medidas de protección: distancia de seguridade, uso obrigatorio de máscara, desinfección de mans...

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa. No caso de atención presencial adoptaranse todas as medidas hixiénicas e de aforo.

COMEDOR

Para cumprir coas distancias de seguridade establecidas no Protocolo COVID para alumnado de ESO (1,5m en diagonal), dispúxose o comedor con estas medidas, quedando o aforo limitado a 37 comensais. O alumnado de Primaria come tamén respectando estas distancias e o grupo estable de convivencia. O alumnado de Infantil come dentro da aula, onde conta con mesas adaptadas á súa idade e con aseos dentro da aula. Están atendidos por nais colaboradoras e profesorado.

Establécense catro turnos de comedor:

- En setembro e xuño: turnos de primaria, o primeiro turno, alumnado de 5º e 6º, de 13:15 a 13:50, e de 14:00 a 15:00 volven á última clase. O segundo turno de 14:10 a 14:45, para o alumnado de 1º,2º,3º,4º. O alumnado de infantil pódese servir a comida máis tarde, ás 14:20, xa que comen na aula.

Os turnos de ESO comezarán ás 15:00 os luns, e os outros días 10 min antes, para que rematen a tempo de comer o segundo turno sobre as 15:25.

- O resto do curso: os turnos de infantil e primaria cambian o orden: 1º,2º,3º,4º, ás 13:20 e rematan ás 14:00, e logo os de 5º e 6º ás 14:10 ata as 14:40. O alumnado de infantil ás 13:30, sen límite de tempo, ao comer na aula.
- Os turnos de secundaria o luns poden comezar ás 15:00, e os demais días as 14:50. O alumnado de ESO alterna o orden cada semana: unha semana comen no 1º turno 1º e 2º de ESO, e no 2º turno 3º e 4º, a seguinte semana primeiro 3º e 4º e logo 1º e 2º, a fin de que non perdan sempre os mesmos os dez últimos minutos de clase. Tense solicitado o mesmo horario concedido no curso pasado, que eliminaba a tarde dos luns, polo que de ser concedido de novo estableceranse os turnos de comedor atendendo aos horarios dos grupos que dous días á semana rematarán á 15:30, polo que neses días comerán ás 15:30

Utilízase tamén a Titoría de Primaria, ao lado do comedor para o alumnado que non colle nalgún turno.

Durante o tempo de lecer do comedor, o alumnado repártese nos mesmos espazos establecidos para o recreo de clase. Seguindo o establecido no Protocolo COVID, e atendendo aos grupos estables de convivencia en Infantil e Primaria, dividiuse o patio e pavillón exterior en 7 zonas, o alumnado rota por elas atendendo a unha distribución semanal. Cada grupo está atendido por un colaborador-a comedor ou profesor-a. En canto ao alumnado de ESO, mentres unha quenda come a outra está fóra atendida por un colaborador e un profesor-a, cada curso nunha zona distinta e respectando a distancia de seguridade establecida no protocolo.

Procurarase, sempre que sexa posible, que cada colaborador-a atenda sempre ao mesmo grupo estable de convivencia en Infantil e Primaria.

O Concello oferta actividades para o tempo de lecer de antes e despois do comedor para Ed Infantil e Primaria, atendendo aos grupos de convivencia estables, un por sesión, e seguindo o protocolo Covid establecido para o Centro

3.- INSTRUCCIÓN XERAIS

As familias non accederán ao recinto escolar, agás en educación infantil, durante o período de adaptación, que acompañarán ao alumnado, unha persoa por alumno, agardarán no patio, onde será a profesora ou un profesor de garda quen recolla aos alumnos-as.

A saída cada grupo sairá con orden comezando por infantil e rematando por 6º, e colocaranse co seu grupo en ringleiras no patio, accedendo aos autobuses coa mesma orden. O alumnado de ESO, gardando a distancia de seguridade e tamén cada grupo por separado.

Se a algún alumno-a ven a recollelo o pai, nai, titor legal ou persoa autorizada por eles, agardarán fóra do recinto, na porta, a onde chegará o alumno acompañado por profesorado de garda.

As entradas e saídas faranse de maneira ordenada e o uso de máscara é obrigatorio. Os grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo.

As titorías serán preferiblemente por vía telemática ou telefónica. De ser necesario a reunión presencial farase na aula, gardando as medidas de hixiene e seguridade adecuadas.

As reunións de centro, Claustro, Consello Escolar realizaranse preferentemente de maneira telemática. En caso de presencialidade serán na aula de música e usos múltiples, onde se pode garantir a distancia de seguridade e o cumprimento do aforo.

O uso de máscara será obrigatorio nos desprazamentos polas instalacións do centro e no recreo agás infantil, aínda que tamén é recomendable.

4.- Actuacións de prevención, hixiene e protección

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro. Os aseos limpanse dúas veces a o día, despois do recreo e ao final da xornada.

As aulas compartidas por varios grupos deberán quedar desinfectadas ao final de cada clase. No cambio de clase cada profesor-a deberá deixar desinfectada a mesa, ordenador..

Prevención

Compromiso realización auto enquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todo o alumnado nas entradas e saídas.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto.
- Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade

axeitada (canto é 1 metro e medio?)

- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

5.- Accións formativas para mellorar a competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Ao inicio de curso adicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento, especialmente a partir de 3º de primaria. Matricularase a todo o alumnado na aula virtual, e darase a cada un o seu usuario e contrasinal. Na clase explicarase o funcionamento da aula virtual. Sería desexable que se fixera algunha tarefa semanalmente a través da mesma para que o alumnado fose adquirindo coñecementos sobre o seu uso.

Dentro do Plan De Formación do Profesorado no Centro propónse unha liña de formación da aula virtual e da páxina web. Recórdase ao profesorado que considere que non ten a formación necesaria para un ensino non presencial, da posibilidade de cursos de iniciación e avanzado sobre o funcionamento da aula virtual e medios telemáticos de ensino.

A principio de curso farase un sondeo ás familias a fin de facer unha relación de alumnado que non ten os medios tecnolóxicos necesario para un ensino non presencial.

A partir de 3º de primaria facilitarase o acceso ao alumnado aos libros dixitais da editorial.

6.- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Tratarase de dar resposta ás diferentes situacións emocionais dos nosos alumnos/as e das dúas familias a través das seguintes actuacións:

- Atenderase e acollerase ao alumnado coidando moito a súa situación emocional.
- Realizaranse actividades dinámicas de grupo que axuden á xestión emocional dos nenos e nenas.
- Empregaranse diferentes metodoloxías, mais participativas e baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde o alumnado poda compartir os seus sentimentos e emocións vividas.
- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- O Departamento de Orientación atenderá de forma máis individualizada a aqueles nenos e nenas que presenten unhas necesidades máis específicas.